


A ORIXE DO COSMOS NOS PRESOCRÁTICOS

Eva Garea

ANTIGUIDADE CLÁSICA



EL MUNDO GRIEGO

del sig. VI al II a. C.



Grecia en la época de Pericles

ATENAS

- Primera confederación ateniense (*Liga delio-ática*) (478/477-404 a. C.)
- Tesoro de la confederación (del 478/477 al 454 a. C.)
- Ciudades e islas pertenecientes a la confederación ateniense
- Rebelión de Samos (441-439 a. C.)


Guerra del Peloponeso (431-404 a. C.) y sus preliminares

- Aliados de Atenas
- Ciudades aliadas de Atenas
- Expedición de Pericles (437-435 a. C.)
- ESPARTA**
- Esparta
- Liga del Peloponeso
- Aliados de Esparta
- Ciudades pertenecientes a la Liga del Peloponeso
- Países neutrales
- Flota de Corcira (435 a. C.)
- Flota de Corinto (435 a. C.)
- Potidea asediada por Atenas del 432 al 430 a. C.
- Expediciones de la flota ateniense del 432 al 430 a. C.
- Ataque de los tebanos contra Platea. (431 a. C.)
- Expedición ateniense contra Siracusa (415-413 a. C.)
- Otras expediciones
- Batallas

Magna Grecia y Sicilia

- La Magna Grecia en el sig. VI a. C.
- Fundación de la colonia panhelénica de Turios (444/443 a. C.)
- Siracusa y su dominio en la época de Dionisio I el Viejo en 378 a. C.
- Dominio cartaginés a principios del siglo III a. C.
- Conquistas romanas
- Desembarco de Pirro (280 a. C.)
- Batallas

- ### Grecia (de finales del sig. V al II a. C.)
- Hegemonía espartana (finales sig. V - principios sig. IV a. C.)
 - Hegemonía tebana (371-362 a. C.)
 - El reino de Macedonia en sus orígenes
 - Reino de Filipo II del 359 al 336 a. C.
 - Capital del reino de Pérgamo (282-133 a. C.)
 - Conquista romana de Macedonia (del 215 al 148 a. C.)
 - Batallas
 - Conquistas de Filipo II



▲ Monte Laurion
S Sestos M Madito P Monte Pangeo

A ORIXE DA POLIS GREGA

S. VII -VI **Período arcaico**

invasións

Dorias
Peloponeso

Xonias
Asia Menor



son

CIDADES ESTADO

Identidade cultural
Organización política autónoma
Empresa común
O lugar natural do ser humano

Arte racionalista ↓ Arte empirista

Sociedades rurais (agrícolas e pastoris). Estratificadas (esclavismo). Fortalezas militares (Acrópolis)

Escaseza de recursos

Novas colonias
Magna Grecia

Rutas Comerciais
Xonia

- Elaboración de mapas
- Unidades de medida
- Necesidad de predicción de sucesos

PERÍODO COSMOLÓXICO

Estudio do **Cosmos**
Estudio da **Physis**

Sociedades tradicionais, aristocráticas, Inmobilistas

Sociedades Abertas, Plurais, Forte oligarquía

Aumento da riqueza

Tempo para o estudo:

Sofós

As primeiras preguntas

- De onde procede o que existe?
 - Que son as cousas?
 - De que están compostas las cosas?
 - Cómo pode existir tanta diversidade de cousas?
- Cómo se comporta a natureza?
 - Cómo se moven os astros?
 - Cal é a razón da transformación dos seres?
 - Pódese predicir e dominar esa transformación?

A pregunta polo Ser

- **O Cosmos**. Significa orden, beleza y presenza. El ser ordenado que se presenta a la mirada del ser humano. Sinónimo de mundo o Universo, de totalidad o ser.
- O Concepto de **Physis**. Significa ter presenza ou ser
 - Traducimos por “natureza”, pero é o oposto ao non-ser. A forza que fai que xurda o ser, que se mostre
 - Todas as cousas son, están presentes e contitúen a Physis e tamén conforman o conxunto da Physis
 - O movemento é a esencia da Physis pois suxire unha acción de arrancarse do non-ser para aparecer.
- O **Logos** sustantivo (lingua e tamén razón) que procede do verbo legein (dicir).
 - Nomear algo é caracterizalo como algo, determinalo
 - O Ser (absoluto) non se pode determinar, só determinamos o ser parcial (cousas que posúen o ser)
 - O Logos non é unha forma de expoñer un estado psiquico, senón a forma de mostrar o ser
 - Determinar e definir non é algo que o ser humano fai, senón o que o ser humano é, a súa existencia, o seu ser.
 - No hai diferenza entre a linguaxe e a realidade en si. (O pensamento é o reflexo do mundo)
- O verbo **Ser** é “presenza”
 - A súa función gramatical como cópula non é unha mera conexión senón a expresión da presenza (darse algo como algo)
 - Pode usarse de forma absoluta “A é” Traducimos como “existe” pero “está presente” ou “mostrase”
 - Non existe a distinción entre esencia e existencia: Ser é ser algo

À procura do Arjé

O estudio da natureza constitúe o problema fundamental na Filosofía Grega.

Buscan o principio ou **arjé** da natureza (principio explicativo da realidade, causa ou compoñente fundamental).

Os primeiros pensadores conformaron escolas

Materialistas: Buscan explicar “de que están feitas as cousas”

Monistas: Escola de Mileto

Tales

Anaximandro

Anaxímenes

Pluralistas

Anaxágoras

Empédocles

Demócrito

Metafísicos: buscan explicar “que son as cousas”

Escola de Elea

Parménides

Pitagóricos

Escola de Efeso

Heráclito





De que están feitas as cousas?

**OS PRIMEIROS FÍSICOS: TALES,
ANAXIMANDRO E ANAXÍMENES:**

Monismo materialista




TALES DE MILETO

- Primeiro filósofo da historia. Introduciu en Grecia a xeometría e astronomía que aprendeu nas súas viaxes por Mesopotamia e Exipto. Os seus coñecementos nestas materias permitirónlle predicir eclipses efectos climatolóxicos.
- Formulou a primeira explicación do Universo na súa totalidade apoiandose na experiencia e en argumentos racionais.
- Afirmou que a auga era o principio de todas as cosas. Os fenómenos de rarefacción e condesación explicarían segundo el a transformación da auga noutras sustancias.
- Consideraba a materia como a un organismo vivo. Para Tales todo estaba dotado de movemento, de alma. Había, segundo el, “algo” vivo en toda materia e iso era para el Deus. Esta teoría denomínase **Hilozoísmo**




ANAXIMANDRO DE MILETO

- Critica as teorías de Tales, argumentando que o principio de todo non podía ser algo tan concreto como el agua.
- Propuxo que o arjé tiña que ser algo indeterminado e infinito (**apeirón**), unha realidade divina e eterna, a partir da que se xeraban as cousas e á que todas regresaban segundo a lei inexorable do tempo.
- Cría nunha rudimentaria teoría da evolución que afirmaba que a vida se xerou a partir da humidade e que todos os animais, incluídos os humanos procedían uns dos outros
- Se lle atribúe o primeiro mapa da terra coñecida. A representación do mundo nun trozo de papiro require⁽¹⁾ un grao de abstracción moi alto.
- A representación do Cosmos de Anaximandro mostra unha terra cilíndrica, inmóvil no centro do universo, explicando iso que non caera. As estrelas, o Sol e a lúa serían, segundo él aberturas que deixaban ver o lume que existía mais aló do firmamento.





La tierra habitable -Ecúmene- según Anaximandro (1) y según Hecateo (2)



ANAXIMENES DE MILETO

- Tentou conciliar as teorías de Tales e Anaximandro.
- Considerou ao aire como o principio ou elemento fundamental de tódalas cousas, a partir do que xorden a auga e a terra por condensación progresiva, e o lume por rarefacción. Explicaba que o aire está en continuo movemento e polo tanto vivo, deulle un carácter divino e fixo del a orixe dos deuses.
- Anaxímenes consolidou a idea dunha terra ancha, plana e pouco profunda sostida polo aire e cuberta por unha semiesfera onde están suxeitas as estrelas fixas e na que se moven o Sol e a Lúa, producindo os cambios de día e noite.
- A formación da Terra debeuse á condensación dunha parte de aire primixenio, pero non aclara como se produciu esa condensación inicial, salvo afirmar que é un movemento eterno. Os corpos celestes xurden en cambio por evaporación do vapor que finalmente se convertería en lume.
- Atribúese a Anaximenes a explicación do Arco Iris polo paso dos raios de Sol a través do aire comprimido nas nubes.






El agua es el elemento y principio de las cosas.

-Thales de Mileto

ANAXÍMENES

«Así como nuestra alma, que es aire, nos mantiene unidos, de la misma manera el pneuma o aire envuelve al cosmos»



ANAXIMANDRO

«Lo ilimitado no tiene principio pues, en tal caso, sería limitado»



Que son as cousas? Porqué cambian?

Os primeiros metafísicos:
Pitágoras, Heráclito e Parménides

Monismo metafísico


HERÁCLITO DE EFESO

- Para Heráclito, o cosmos é un todo do cal todo xurde e ao que todo retorna, nun devir incesante, no que nada permanece inmóbil ("Todo flúe").
- O lume é a forma arquetípica da materia e o cosmos, concibido como totalidade pode describirse como un lume que, cando unha determinada cantidade se extingue, vólvese a acender unha parte proporcional.
- O Cosmos componse, en gran parte de masas de Terra (con masas de lume coma os volcáns) e de mar, todo elo circundado polo éter (conformado de lume). O lume dos volcans e o de eter é o motor dos fenómenos cosmolóxicos.
- Os cambios só poden ter lugar a través da superación da contradicción nunha nova forma de ser. "A guerra é a nai de tódalas cousas". O mundo nace e réxese pola loita entre os contrarios: día e noite, calor e frío, verán e inverno.
- Os contrarios intégranse no devir, son pezas do mesmo puzzle, cuxo sentido non poderemos captar ata velo completo. O Ser na súa totalidade ten é orde racional: **LOGOS**.
- A sabedoría consistirá en entender o Logos, a estrutura do real, e non só na observación da natureza e do cambio, pero este coñecemento da totalidade, require tamén unha mente sobrehumana, unha intelixencia absoluta que só se pode identificar con Deus.




PARMENIDES DE ELEA

- Só se conservan algúns fragmentos da súa obra, un poema, no que en clave metafórica Parménides afirma que só se pode chegar á verdade co pensamento, prescindindo dos datos dos sentidos.
- A afirmación principal de Parménides é: “É necesario dicir e pensar que **o ser é e que o non ser non é**. Só mantendo ese principio (principio de identidade) poderemos chegar á verdade. Afirmar que o ser non é e que o non ser é equivócanos, condúcenos ao erro, á opinión.
- Parménides afirma que a auga, o aire, o lume ou o indeterminado son substancias materiais, cambiantes e que non manteñen o principio de identidade. Pero tódalas cousas participan do SER, que é o único que non varía nunca. O Ser é o que tódalas cousas teñen en común, é único, indivisible e permanente, pois non pode cambiarse en non-ser, porque o non ser non é.
- O Cosmos de Parménides é semellante a unha esfera, finita pero ilimitada, perfecta, constituída por aneis superpostos



Heráclito fronte a Parménides


	HERACLITO	PARMENIDES
O mundo	Está en perpetuo cambio	O cambio non existe é un engano dos sentidos
A verdade	Hai múltiples camiños cara a verdade	Só hai un camiño cara a verdade: a razón
O Ser	A esencia das cousas é o devir e a transformación	A esencia das cousas é inmutable
Coñecemento	O coñecemento do ser non é posible. A razón se indentifica co pensamento divino que capta a totalidade	O pensamento pode captar a esencia do mundo tal é como é (o ser) a través da razón
Método	A realidade móvese dialécticamente e o pensamento é dialéctico	A realidade é inmutable e o método correcto para pensar é a lóxica



*“Hay geometría en
el zumbido de las cuerdas,
hay música en
la separación de las esferas.”*

Pythagoras


www.planetapi.es



Todo fluye, nada permanece.

(Heráclito)

akifrases.com



Lo mismo permanece en lo mismo, y descansa en sí mismo.

(Parménides de Elea)

akifrases.com


Qual é a essência das coisas?
Como se explicam os cambios

OS PLURALISTAS: Anaxágoras e
Empédocles e Demócrito:


Pluralismo materialista

EMPÉDOCLES

- Postula a existencia de catro **elementos** (lume, terra, aire e auga) cada un deles coas características dun arxé (inmutabilidade, permanencia, eternidade).
- As relacións entre estes elementos establecece pola mediación de dúas forzas cósmicas (Amor e Odio ou Atracción e Repulsión) que actuarán como causa da combinación ou disociación dos elementos.
- Estas forzas son concibidas por Empédocles como forzas físicas e non espirituais, e o seu mecanismo de acción é puramente mecánico.
- O mundo tal e como nos o coñecemos está nun lugar intermedio entre a mestura total dos catro elementos (coa forza do Amor) e a fase de separación total dos elementos (na que predomina o Odio)
- Postulou unha teoría evolutiva baseada na crenza de que determinados agregados de formas viventes non eran viables e, polo tanto perecerían ao non perpetuarse. Esta teoría evolutiva leva aparellada a tese da transformación de tódolos seres vivos noutras naturezas despois da súa disolución e, xa que logo, a idea dunha comunidade na natureza.





Empedocles' double sphere system: Day and Night



ANAXÁGORAS

- Afirma a existencia dun número infinito de elementos cada un dos cales posúe as características do ser de Parménides: eternidade e inmutabilidade. Denomina a este elementos “sementes” ou “**homeomerias**”
- As sementes agregáñse ou separáñse pola intervención do “**Nous**”, unha intelixencia que iniciou o movemento no mundo, xerando un torbelino, de maneira que todos os demais movementos desenrólanse a partir del dunha forma mecánica.
- O Nous, é infinito, autónomo e independente das sementes e das demais cousas que existen. É unha realidade inmaterial, dotada de coñecemento e vontade que dirixe o comportamento das cousas naturais e que, en certa forma.
- Anaxágoras introduce a idea de finalidade na natureza e a explicación teleolóxica que recollerán Platón e Aristóteles.
- A idea de Nous será o antecedente do Demiurgo de Platón
- A súa filosofía non recoñecía o carácter divino do Sol e a Lua e por isso foi acusado de impiedade.



DEMÓCRITO

- A realidade estaba conformado por dúas causas: o que é (os átomos homoxéneos e indivisibles), e o que non é (o baleiro).
- Demócrito afirmaba que os **átomos** eran partículas indivisibles que só se distinguían unhas doutras pola forma, o tamaño, a orde e a posición. Gracias á forma que ten cada átomo pódense unir -aínda que nunca fusionarse totalmente- para formar corpos. Os átomos sepáranse cando chocan con outro conxunto de átomos e desprázanse ao azar para formar outros corpos.
- O modelo de Demócrito, é mecanicista, porque non existe nas conxuncións de átomos ningunha forza teleolóxica. A única razón da existencia dos corpos ou da súa corrupción é o azar e as reaccións en cadea.
- A psyché (alma) do ser humano está formada por átomos esféricos lixeiros, e o soma (corpo), por átomos máis pesados.
- A conducta humana explicase desde esta perspectiva dun xeito mecánico, ao igual que o resto da natureza.
- As percepcións sensibles como as imaxes visuais ou auditivas se explican tamén pola interacción entre os átomos do corpo do suxeito que percibe e os que forman parte dos efluvios emitidos polas cousas percibidas.

